

REGULAMENTO

“VI RUTA CICLOTURÍSTICA E ANDAINA DE ESTEIRO”

1.-O Club Os Salta Rejos, organiza a VI Ruta BTT E ANDAINA de Esteiro. Marcha Cicloturística e andaina que terá lugar o domingo 18 de maio de 2025, cun percorrido de 45m/ aprox. de dificultade técnica e física media alta e un itinerario alternativo curto de 35 km aprox. de dificultade técnica e física media. Andaina con percorrido de 20Kms e 11kms.

Ambas terán carácter non competitivo.

A saída terá lugar ás 9:00 horas na Alameda do Artón de Esteiro; Coordenadas G.P.S.: 42°47'44.9"N 8°58'47.4"W

2.- Poderán participar na ruta todas as persoas maiores de idade que acepten e cumpran as condicións regulamentarias e que realizaran axeitadamente o proceso de inscrición. Ten un custe de 18 € para a BTT e 8€ para a andaina.

3.- Permitirase a participación de rapaces e rapazas menores de idade, con autorización paterna e acompañados por estes ou titor legal, con aportación da documentación. A idade máxima para participar na BTT é de 75 anos cumpridos, mentres que na Andaina a idade máxima será 99 anos.

4.- O prazo de inscrición finalizará o 14 de maio ás 23:59 horas ou ao acadar un total de 300 participantes para a BTT e 200 participantes para a andaina. Realizarase na plataforma de inscricións de www.galitiming.com. Considerarase efectiva a inscrición unha vez feito o pago na TPV habilitada para tal fin. Non se admitirán pagos en man nin o mesmo día da proba. Tampouco se admitirán inscricións baixo ningún concepto, fóra dos prazos marcados.

5.-A inscrición dará dereito á participación na proba, e incluírá dous puntos de avituallamento na BTT(km 17-sólido e líquido, km 32 -líquido e sólido), e un punto avituallamento na andaina (no KM9) con servizo de lavado de bicicletas e vestiarios no polideportivo de Esteiro , servizo de reparación ou axuda en ruta, servizo de ambulancia, seguro de accidentes, camiseta conmemorativa, pintxos ao rematar, etc. Só serán considerados participantes, aqueles que realizaran a inscrición correctamente e leven o dorsal visible en todo momento. O devandito dorsal será facilitado pola organización.

6.- A concentración e entrega de dorsais terá lugar a partir das 08:00 horas, do domingo 18 de maio de 2025 na Alameda do Artón de Esteiro. A saída efectuarase ás 9:00 horas para a BTT e as 9:15 para a andaina. A recollida de dorsais farase de xeito individual e deberase presentar o consentimento informado.

7.- O emprego do casco é obrigatorio, e non levalo implica a retirada do dorsal e da ruta. Así como na andaina é obrigatorio calzado e vestimenta deportiva. A organización non se fai responsabl e dos accidentes, nos que puidera ser causa, a negligencia dos participantes, así como os danos que estes puideran ocasionar durante a realización da marcha.

8.- O percorrido da proba transcorre na súa maior parte por camiños rurais e forestais dos concellos de Muros e Outes, compartindo tramos do percorrido andaina e BTT polo que se debe ceder paso ás bicicletas e facilitar a súa circulación; con especial atención onde existan cruces con tramos de estradas da Deputación, que se atopan abertos ao tráfico para outros usuarios polo que se deberá extremar precaución por parte dos participantes, respectando as normas de circulación contidas na Lei de Seguridade Vial e no Regulamento Xeral de Circulación.

9.- Todos os participantes deben respectar o entorno por onde transcorre a proba, quedando terminantemente prohibido tirar o lixo en todo o percorrido a excepción dos colectores situados nos puntos de avituallamento e de inicio e final de ruta.

10.- En todo momento respectaranse e acataranse as ordes e directrices da organización, non superando en ningún momento ao vehículo que abre a mesma, o cal será obxecto de descualificación inmediata.

11.- A Organización contará con servizo de ambulancia a disposición dos participantes, ao igual que dun Seguro de Responsabilidade Civil e de Accidentes por un día, non facéndose responsable de ningún accidente nin gastos fóra desta cobertura. A organización non se fará responsable dos accidentes, nos que puidera ser causa a negligencia dos participantes, así como os danos que estes puideran ocasionar durante a realización da proba. Enténdese que os participantes inscritos asumen e coñecen os riscos desta BTT e ANDAINA.

12.- O participante presta o seu consentimento a Organización para que poida ser utilizada a súa imaxe na promoción e difusión da proba, de tódalas formas posibles. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización expresamente, previa comunicación por escrito dirixida ó club Os Salta Rejos, a través do seu mail: ossaltarrejos@gmail.com

13.- Cada participante será autosuficiente e responsable do seu material e das avarías que poida ter ao longo do percorrido. A organización, na medida do posible, proporcionará axuda cun servizo de reparacións. En caso de que o participante sufra unha avaría que imposibilite a finalización da proba, este deberá chamar ao teléfono situado na parte posterior do dorsal para a súa recollida.

14.- A Organización resérvase o dereito a modificar a presente normativa, así como a modificación do percorrido, quilometraxe e data da proba. No caso de alertas dos servizos meteorolóxicos ou cando a organización considere que as condicións son perigosas para os participantes, suspenderase a proba sen a obriga de devolución do importe pagado.

15.- O feito de inscribirse na proba, supón a aceptación total do presente regulamento e tamén é obrigatorio asinar e presentar antes da saída o consentimento informado. O descoñecemento do regulamento non exime do seu cumprimento.

16.- Os tracks pódese consultar na páxina web de Wikiloc

BTT

<https://es.wikiloc.com/rutas-mountain-bike/iv-btt-esteiro-2023-45km-128672328>

<https://es.wikiloc.com/rutas-mountain-bike/iv-btt-esteiro-2023-ruta-curta-32km-126275053>

ANDAINA

<https://es.wikiloc.com/rutas-senderismo/petroglifos-de-fontemoureira-y-playa-pramean-desde-esteiro-203061405>

<https://es.wikiloc.com/wikiloc/view.do?pic=rutas-senderismo&slug=playa-pramean-petroglifos-de-fontemoureira-y-tremuzo-desde-esteiro&id=205874648&rd=es>

OS SALTA REJOS